

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

Es_factory

España - Portugal

Proxecto POCTEP ES-FACTORY

Rede de aceleradoras de economía social
para impulsar e consolidar empresas en novas
economías emerxentes



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN





RETOS E OPORTUNIDADES DA ECONOMÍA PRATEADA, EN GALICIA

Índice

1. Presentación
2. A Economía Prateada
 - 2.1 Situación en Galicia
3. Oportunidades de negocio no marco da economía prateada en Galicia
 - 3.1 Metodoloxía de traballo
 - 3.2 Oportunidades identificadas

1. Presentación

A Unión de Cooperativas EspazoCoop é unha entidade multisectorial de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, integrada por cooperativas de distintas clases, inspirada nos principios e valores cooperativos, e que ten como obxectivo: agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen. Así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

EspazoCoop é un referente no ámbito do cooperativismo galego, no marco da economía social e solidaria, con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios cooperativos e colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

EspazoCoop participa como entidade socia no **proxecto de cooperación interrexional “ES-FACTORY”**, que ten como obxectivo o impulso e consolidación do emprego de calidade en novas actividades emerxentes do territorio transfronteirizo, co desenvolvemento de iniciativa no marco da economía social.

O proxecto ten como obxectivos:

1. **Detectar novas oportunidades e liñas de negocio** en actividades emerxentes de Galicia e o norte de Portugal que fomenten a retención e atracción de talento emprendedor.
2. **Impulsar a profesionalización do ecosistema emprendedor** e potenciar, atraer e reter talento no territorio transfronteirizo.
3. **Crear unha Rede de Aceleradoras de Economía Social Transfronteiriza**, a través da que se desenvolvan accións formativas para incrementar as capacidades e habilidades; programas de asesoramento e acompañamento; espazos de encontro e de investimento, nos que conectar a oferta coa demanda e os clientes podan avaliar produtos/servizos das persoas emprendedoras.
4. Identificar e promocionar o peso da economía social a través do **Observatorio da Economía Social** de Galicia e o norte de Portugal

O proxecto ES-Factory, identifica e actúa en cinco eidos de actuación:

- economía azul (mares e océanos)
- verde (medio ambiente e enerxías renovables)
- prateada (servizos de atención a persoas adultas e servizos sanitarios)
- laranxa (artística, ocio e turismo)
- amarela (TIC, Big data e AI)

2. A Economía Prateada

A **Economía Prateada** é aquela que está vinculada co cambio demográfico producido polo envellecemento da poboación, e o seu enfoque céntrase nas necesidades e demandas das persoas adultas. Inclúe todas aquelas actividades económicas, **produtos e servizos destinados a satisfacer as necesidades dos maiores de 50 anos.**

Este concepto, derivado do chamado “silver market”, xurdido en Xapón durante a década dos anos setenta, para referirse ao mercado sénior, aglutina a sectores tan diversos como a saúde, a banca, a automoción, a enerxía, a vivenda, as telecomunicacións, o lecer e o turismo, entre outros.

As características que mellor definen ás persoas pertencentes á economía prateada, son:

- Teñen un poder adquisitivo elevado e están libres de cargas económicas.
- Aproveitan o tempo para facer o que sempre quixeron: viaxar, vivir novas experiencias, darse algún capricho, etc.
- Son persoas activas ás que lles gusta coidarse, facer deporte, comer ben, ir á moda e divertirse.
- Son fieis ás súas marcas, consumen máis ca mocidade, e demandan produtos e servizos máis específicos e personalizados.
- Dispoñen de máis tempo libre e gústalles aproveitalo con actividades culturais e de ocio.

Na Europa de 2060, un de cada tres habitantes será maior de 65 anos. As formas de consumo, por tanto, modificaranse e as persoas maiores converteranse no motor da economía.

O segredo desta segunda mocidade está ligado ao espectacular aumento da esperanza de vida nas últimas décadas. As estatísticas do Banco Mundial e a Organización Mundial da Saúde (OMS) indican que a poboación total de maiores de 60 duplicarase en 2050 respecto ao ano 2000. A principal consecuencia da maior lonxevidade, unida ao descenso xeneralizado da natalidade en todo o mundo, é o investimento da pirámide demográfica. Iso significa que cada vez hai máis persoas maiores e menos novas. En 2018, por primeira vez na historia da humanidade, os maiores de 65 anos superaron en número aos menores de cinco, segundo a Organización das Nacións Unidas (ONU).

A Comisión Europea prevé que a economía prateada, ademais de xerar miles de millóns de beneficios, contribúa, de xeito relevante, á creación de emprego e ao valor agregado bruto (VAB) da Unión Europea, para 2025. En termos xerais, se identifica as maiores oportunidades na:

- **Silverización dos sectores.** Aflorarán novos produtos e servizos no mercado adaptados ás necesidades dos maiores. Para conseguilo, será importante apoiarse na xeronte-tecnoloxía, que é a área da tecnoloxía que estuda o envellecemento humano.

- **Impulso de novas profesións.** O envellecemento da poboación traerá consigo a creación de postos de traballo e a aparición de carreiras relacionadas coa economía prateada, por exemplo no relativo ao coidado das persoas maiores.

- **Investimento en plans estratéxicos** dirixidos á poboación maior. O auxe da economía sénior animará ás administracións para investir en solucións que melloren, por exemplo, a atención sanitaria e a independencia en termos de autonomía das persoas maiores.

A situación en España non é diferente, senón incluso máis evidente, xa que ten unha das taxas de envellecemento da poboación máis altas de Europa. A taxa de envellecemento, medida relativa de persoas maiores sobre a poboación total, é un indicador importante para coñecer o envellecemento da poboación, pero o relevante non é que porcentaxe de maiores viven, senón que calidade de vida teñen. Cabe supoñer que, se viven moitas persoas maiores con idades elevadas, é porque posúen unha boa calidade de vida (bos hábitos de vida e alimentación, bos sistemas sanitarios etc.). Así que poderíamos identificar que rexións europeas son aquelas de maior calidade para vivir, analizando que porcentaxe de persoas representan aos maiores de 90 anos. Os datos indican que pertencen a Grecia, Francia e España. De feito, tanto Galicia como España están moi por encima da media europea neste indicador de calidade de vida dos maiores. E entre as 16 primeiras rexións atópanse as provincias de Lugo e Ourense.

2.1. Situación en Galicia

Desde 1920 a poboación en España duplicouse (120%), mentres que en Galicia incrementouse en menos dun terzo (29%). Ambas experimentan un envellecemento da poboación: as estimacións para o ano 2040 é que un de cada catro españois terá máis de 65 anos, pero en Galicia será un de cada tres.

Os desafíos que supón o envellecemento require a adopción de novos enfoques e estratexias, para unha correcta xestión desta realidade demográfica e a redución dos seus efectos negativos. As políticas de innovación, desenvolvemento e benestar, non serán suficientes se non se enmarcan nunha visión do envellecemento como unha oportunidade, de¹:

1. Incorporar a perspectiva demográfica nas políticas públicas e a revisión de moitas políticas relacionadas co envellecemento.
2. Abordar as relacións de poder, as normas de xénero e a desigualdade, que inflúen no envellecemento activo e saudable.
3. O envellecemento activo asociado co turismo de saúde e benestar, será un sector clave de innovación, no sector turístico.

1 "Estratexia da Economía Prateada e o envellecemento activo na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal" de Sadam Al Rabadi, investigador en Relacións Internacionais na USC, no marco do programa Iacobus (GNP-AECT) e editado polo IGADI.

4. Apoiar iniciativas empresariais que respondan aos requirimentos tecnolóxicos de apoio ás persoas maiores.
5. Incorporar no mercado novos produtos de alto valor engadido, dirixidos especialmente á industria farmacéutica e biotecnolóxica.
6. Fomentar a integración laboral das persoas de máis de 55 anos, mellorando a situación de baixa cualificación, pola incidencia no nivel de salarios e produtividade.
7. Enfrontar os desequilibrios territoriais (brecha demográfica entre o eixo atlántico e o interior), para combatelos, e contribuír a un desenvolvemento sostible.

Debemos evitar un envellecemento de dúas velocidades: unha rural e outra urbana. Aparentemente, todos os indicadores fannos pensar que o envellecemento rural é máis duro, hai menos infraestruturas, de menor calidade e unha maior desatención das persoas maiores. Hai que abordar e incentivar emprendementos porque hai oportunidades ao redor do transporte, as tecnoloxías, os servizos, os coidados etc. Sería un aspecto para abordar desde unha perspectiva social e política.

3. Oportunidades de negocio no marco da economía prateada en Galicia

O cambio demográfico abrirá oportunidades de negocio á iniciativa privada. A primeira gran liña de emprendemento é todo o que ten que ver con solucións habitacionais, non soamente as residencias de maiores. Hai unha gran oportunidade de investimento en torno a novas fórmulas de residencias, *cohousing*, *coliving*, pisos tutelados e todo tipo de solucións de hábitat, contornas moito máis amigables, máis próximas, seguras, tranquilas, manexables, onde as persoas non vaian pasar os últimos anos da súa vida simplemente, senón a vivilos en plenitude. Tendo en conta que ao 87% ou máis das persoas gústalles envellecer no seu fogar, son precisas solucións de emprendemento para a mellora e usabilidade do propio fogar. Pero hai todo un gran conxunto de actividades que se poden abordar no mundo dos coidados, sen esquecer, a tecnoloxía aplicada á *silver economy*, así como o envellecemento activo.

3.1. Metodoloxía

No proceso de detección de novas oportunidades e liñas de negocio en actividades emerxentes de Galicia, que fomenten a retención e atracción de talento emprendedor, realizouse un proceso de consulta (call) e recollida de proposta de actividades e intervención. A través do correo-e lanzouse un convite á identificación de oportunidades de negocio na economía prateada do proxecto ES-Factory

Chamada! á identificación de oportunidades de negocio do sector da economía prateada



Dentro da acción A1.- **Unidade transfronteiriza para a vinculación da economía social con outros ecosistemas emerxentes no territorio transfronteirizo**, e en colaboración co socio luso [TECMINHO](#), realizamos esta **chamada á identificación de oportunidades de negocio no sector da economía prateada** (servizos de atención e/ou dirixidos ás persoas maiores, como servizos sanitarios, coidados, turismo, tecnoloxía e transformación dixital, vivenda, lecer, igualdade, dependencia, actividades da vida diaria, etc.), orientada a:

- Identificar como a economía social pode desempeñar un papel fundamental e innovador cada unha transición xusta e equitativa
- Conectar a economía social con outros ecosistemas emerxentes do territorio galego e do norte de Portugal
- Contribuír á prospección de novas oportunidades de negocio na economía prateada, cuxos resultados se materializarán nun informe nos próximos meses
- Servir de base para o lanzamento dunha convocatoria específica de proxectos para recibir apoio e asesoramento no desenvolvemento dos vosos proxectos
- Incorporar posibles candidaturas desta acción á fase de aceleradora Academia ES-Factory de 2025, recibindo acompañamento e apoio a través de sesións de mentoring dirixidas a persoas emprendedoras

Na nova publicada, [neste enlace](#), facilitouse a cobertura dun **formulario (aquí)**, para que **aquelas persoas que contaran cunha idea de negocio, ou necesidade identificada, dentro dalgún sector vencellado á economía prateada**, fixeran chegar as súas propostas, ó longo dos meses de outubro e novembro de 2024.

Destinada á rede de axentes e entidades da Economía Social de Galicia:

<https://espazo.coop/rede-eusumo/participa-na-identificacion-de-oportunidades-de-negocio-na-economia-prateada-proxecto-es-factory/>

No proceso, recolléronse 9 proposta de negocio, que se presentan no apartado seguinte. Con algunhas delas, se ten iniciado xa o proceso de acompañamento (itinerario de emprendemento), e con outras se prevé traballo en fases sucesivas, e coas que se traballará nas liñas de avaliación, acompañamento e aceleración que conforman o proxecto ES-Factory.

3.2. Oportunidades identificadas

O1.- Tenda e salón de tratamentos de cosmética e recuperación capilar dirixida ás persoas maiores.

Breve descripción da idea de negocio: A creación dunha tenda-salón de cosmética capilar con tratamentos de recuperación capilar baseada en produtos e servizos orgánicos e sostibles, dirixida principalmente ao público da economía prateada.

Servizos a ofertar:

- Educación e formación profesional
- Acceso a produtos de calidade e tratamentos saudables
- Apoio á sostibilidade económica de pequenos negocios de perruquería
- Redución do uso de produtos químicos tóxicos
- Promoción do uso de produtos sostibles para o medio
- Consumo responsable e sostible

Situación: en trámites de rexistro de cooperativa. O proxecto foi acompañado polo equipo técnico de EspazoCoop en Vigo, con asesoramento en distintas áreas organizativas, e societario, e foi conformado como cooperativa. O proxecto prevese como potencial para a seguinte fase de aceleradora do ES- Factory.

Problemática abordada: pretende incidir en dous problemas clave: por unha banda, no impacto ambiental dos produtos capilares tradicionais, e por outra, na falta de oferta formativa no sector capilar, dirixida tanto a profesionais coma ó público da economía prateada.

Fortalezas:

- Especialización en formación técnica
- Enfoque en produtos de calidade
- Mellora da rendibilidade dos salóns
- Sostibilidade

Debilidades:

- Dependencia do mercado local
- Custos de capacitación
- Adopción por parte de profesionais

ODS relacionados:

- Obxectivo 3 | Saúde e benestar
- Obxectivo 4 | Educación de calidade
- Obxectivo 6 | Auga limpa e saneamento
- Obxectivo 8 | Traballo decente e crecemento económico
- Obxectivo 12 | Producción e consumo responsables

O2.- Centro comunitario interxeracional.

Breve descripción da idea de negocio: Formulación dun proxecto de "centro comunitario" nas instalacións do Colexio Público Integrado da contorna. Non existen centros de días na contorna, escasas actividades de envellecemento activo e saudable e as instalacións do colexio están infrautilizadas por o baixo número de alumnado na actualidade. A idea é que as persoas podan utilizar os buses escolares para chegar ao Colexio e desenvolver a xornada alí, con actividades, obradoiros, charlas para o grupo en concreto e tamén apoiarse na dinámica do colexio para estimular e crear vínculos entre o alumnado e as persoas adultas-maiores que participen no proxecto. Utilizaríase o comedor do colexio.

Servizos a ofertar:

- Mantemento do Colexio Público Integrado de Padrenda-Crespos, a través de:
 - Optimización de recursos públicos existentes (autobús e comedor escolar)
 - Actividades dirixidas a persoas maiores autónomas, en situación de illamento
 - Actuacións para xerar comunidade e dinamizar o rural
 - Interacción interxeracional

Situación: Nova liña de negocio de Leirar na Leira S. Coop. Galega, en proceso de acompañamento. O proxecto prevese como potencial para a seguinte fase de aceleradora do ES- Factory.

Proxecto estable que xere economía para a Cooperativa, espazo de encontro e dinamización para as persoas adultas-maiores da contorna. Loita polo mantemento do Colexio Público Integrado de Padrenda-Crespos, como colexio que aposta por iniciativas pioneiras e que dinamizan o rural e poñen en valor a vida das persoas que o habitan

Problemática abordada: Espazo de encontro e dinamización para persoas maiores, e non tan maiores, nas instalacións do Colexio Público Integrado máis próximo (infrautilizado), nunha zona onde non hai centros de día, nin actividades orientadas ó envellecemento activo.

Soidade non desexada- reto demográfico-uso de espazos infrautilizados-interxeracional-desenvolvemento comunitario

ODS relacionados:

- Obxectivo 3 | Saúde e benestar
- Obxectivo 5 | Igualdade de Xénero
- Obxectivo 10 | Redución das desigualdades

O3.- Xardíns terapéuticos en centros de persoas maiores

Breve descripción da idea de negocio: Aproveitamento do coñecemento xerado no proxecto en funcionamento, destinado ao sector da educación - infancia (Patios Vivos Miudiño, dende 2017) para desenvolver unha nova liña destinada a persoas maiores, en colaboración con outros axentes.

Servizos a ofertar: acondicionamento dos espazos exteriores de centros de maiores (de día, ocupacionais, residenciais) para desenvolver espazos terapéuticos.

Situación: nova liña de negocio de Miudiño S. Coop. Galega, con potencial para a fase de aceleradora.

Problemática abordada: Benestar emocional en poboación xerontolóxica usuaria de centros de día e/ou residencias.

Necesidade de naturalización dos espazos comunitarios para incrementar o benestar emocional e a creación de novos equipamentos de uso terapéutico

ODS relacionados:

- Obxectivo 3 | Saúde e benestar
- Obxectivo 4 | Educación de calidade
- Obxectivo 9 | Industria, innovación e infraestrutura

O4.- Unidade de memoria - detección precoz

Breve descripción da idea de negocio: Proxecto conxunto co Colexio de Farmacéuticos para realizar campañas para dar a coñecer a utilidade de acudir de unha unidade de memoria. Dar a coñecer as unidades de memoria como recurso para favorecer un envellecemento saudable

Servizos a ofertar:

Desenvolver Unidades de intervención destinadas a previr e conter o deterioro cognitivo leve asociado á:

- Idade (sen patoloxías)
- Demencias en fase leve
- Persoas que empezan a experimentar deterioros na memoria, antes de empezar a identificar dificultades nas ABVD (actividades básicas da vida diaria).

Situación: nova actividade Unidade de Memoria Lémbrate S. Coop. Galega, en proceso de desenvolvemento.

Problemática abordada: Falta de detección precoz no deterioro cognitivo. Descoñecemento por parte da poboación da prevención do deterioro cognitivo leve

Falta de recoñecemento da fase de prevención en relación don outras fases posteriores (centro de día, centro residencial)

ODS relacionados:

- Obxectivo 3 | Saúde e benestar
- Obxectivo 4 | Educación de calidade
- Obxectivo 6 | Auga limpa e saneamento
- Obxectivo 8 | Traballo decente e crecemento económico
- Obxectivo 12 | Produción e consumo responsables

O5.- Servizos de consulta clínica de nutrición e dietética

Breve descripción da idea de negocio: Abrir novas liñas de negocio que teñen como fin a mellora da saúde a través dunha alimentación equilibrada e completa, atopando novos públicos

Servizos a ofertar:

- Servizos de nutrición orientados a mellorar a saúde das persoas maiores cando hai prevalencia de patoloxías , como a hipercolesterolemia, a diabetes, a disfaxia,...
- Servizos de nutrición para colectividades en centros e residencias para persoas maiores
- A pesares de que a lexislación non obriga a que os menús estean elaborados e supervisados por unha persoa nutricionista, coidan que estas deberían recibir formación específica na materia

Situación: nova actividade de Arela Saúde, S. Coop. Galega, en fase de desenvolvemento inicial.

Problemática abordada: pretende incidir en dous problemas clave.

- Chegar a trasladar os beneficios da actividade ó público destinatario, xa que principalmente se dan a coñecer en redes sociais e internet.
- Falta de coñecemento da figura do/a dietista - nutricionista

ODS relacionados:

- Obxectivo 3 | Saúde e benestar
- Obxectivo 8 | Traballo decente e crecemento económico
- Obxectivo 10 | Redución das desigualdades
- Obxectivo 12 | Produción e consumo responsables

O6.- Cooperativa de servizos para o sector coidados

Breve descripción da idea de negocio: creación dunha cooperativa de servizos formada por empresas (cooperativas, profesionais autónomos, etc.) que comparten a necesidades de apoio especializado na xestión do seu negocio: dende trámites e xestións administrativas ata apoio mutuo, procesos de substitución, compra conxunta de produtos, etc..

Servizos a ofertar:

- Xestión administrativa e trámites burocráticos
- Compartir ferramentas de xestión
- Xestión de persoal (cobertura baixas, etc.)
- Formación entre o persoal das casas do maior
- Central de compras
- Outros

Situación: proxecto piloto derivado da diagnose de situación dos servizos de coidados de casas do maior e casas niño, en fase de análise para a posta en marcha, dentro do proxecto ES-Factory.

Como acción complementaria e paralela a esta chamada á detección de oportunidades, realizouse un **diagnóstico de situación das Casas do maior e Casas niño**, co fin de identificar necesidades existentes e servizos que debería atender e prover a cooperativa de servizos a constituír para resolver situacións de illamento, precariedade e carencias na xestión das empresas creadas (tanto como cooperativas de traballo coma en condición de traballadoras/es autónomos). Para elaborar o informe realizáronse tanto entrevistas en profundidade a axentes implicados, como enquisas mediante un cuestionario de google. Rematado este proceso, realizouse un Encontro telemático, no que, ademais de completar a recollida de información, se validaron e priorizaron as necesidades identificadas. Finalmente, analizouse a formula cooperativa máis acaída para desenvolver o proxecto piloto, resultando ser a de Cooperativa de servizos.

Pode consultarse o Informe na [web de EspazoCoop](#)

Problemática abordada:

- Apoio, na xestión empresarial e relacións coa administracións públicas, de Casas do maior e outros servizos á dependencia
- Necesidade de mellorar a profesionalización e xestión de servizos á dependencia, que se desenvolven de xeito atomizado

ODS relacionados:

- Obxectivo 3 | Saúde e benestar
- Obxectivo 4 | Educación de calidade
- Obxectivo 8 | Traballo decente e crecemento económico
- Obxectivo 10 | Redución das desigualdades
- Obxectivo 12 | Produción e consumo responsables

07.- Novas casas do maior

Breve descripción da idea de negocio: posta en marcha de servizo de atención a persoas maiores de 60 anos sen situación de dependencia recoñecida ou téndoa que sexa de grao 1. Acollemento nun espazo físico no que desenvolver actividades de envellecemento activo, en grupos de máximo 5 persoas.

Servizos a ofertar:

- recollida domiciliaria e desprazamento ao centro
- actividades de coidados e envellecemento activo
- servizo de xantar e comidas menores (parva, merenda)

Problemática abordada: proceso de asesoramento ao grupo promotor, de entre dúas e tres persoas, xa que cada cooperativa xestionará un máximo de dúas casas do maior. Proceso previo á constitución en agarda da concesión da Casa. Tras unha resolución positiva, se prosegue o proceso de constitución da cooperativa de traballo. As persoas promotoras inician proceso de construción e rehabilitación dos espazos destinados á prestar o servizo.

Situación: acompañamos catro grupos promotores, para os que solicitou a xestión de varias Casas do maior, que levarían á creación das cooperativas de traballo asociado, de:

- Finisterrae, S. Coop. Galega
- Montagua, S. Coop. Galega
- Ponte Olveira, S. Coop. Galega
- Dumbricos, S. Coop. Galega

ODS relacionados:

- Obxectivo 3 | Saúde e benestar
- Obxectivo 8 | Traballo decente e crecemento económico
- Obxectivo 10 | Redución das desigualdades
- Obxectivo 12 | Producción e consumo responsables

08.- Cooperativas de vivendas colaborativas, en cesión de uso

Breve descripción da idea de negocio: proxecto de vivenda colaborativa en cesión de uso, polo que demandan o apoio de administracións públicas propietarias de terreos e/ou aldeas abandonadas, que as cedan para edificar ou rehabilitar, así como a opción de compra ou aluguer de terreos a propietarios privados. Construción de espazos de uso privativo e comunitario para servizos comúns. E xestión cooperativa de servizos de ocio e tempo libre, sanitarios, etc.

O proxecto de **Terra Salvaxe, s. coop.** inicia no 2022 coa creación dunha comunidade de vivendas en cesión de uso e de economía rural sostible (agroecoloxía; artesanía; albergue rural). Confórmase ademais como unha cooperativa de traballo asociado.

O proxecto de **Asociación Alvariza** inicia no 2020 co obxectivo de construír unha vivenda colaborativa (cohousing), en cesión de uso, sen ánimo de lucro. Punto forte é o concepto

interxeracional do proxecto para promover colaboracións entre as persoas residentes e coidados a calquera idade, facilitando acceso á vivenda a prezo de custe.

Servizos a ofertar:

- Vivenda habitacional comunitaria
- Procesos de conciliación e coidados comunitarios
- Apoiar o desenvolvemento no rural e a economía de proximidade
- Promoción da agroecoloxía e promoción cultural
- Actividades de formación, educación, deporte e tempo libre
- Mancomunar a compra de produtos de alimentación, servizos de enerxía e outros bens de consumo con criterios de responsabilidade e sostibilidade

Situación: proxectos de vivenda comunitaria en vías de constitución.

No caso de Terra salvaxe, dificultade para atopar unha aldea en venda, co tamaño axustado para as persoas e liñas de actuación do proxecto.

No caso de Alvariza, identifícanse como puntos febles: pouca implantación e coñecemento do modelo, normativa non inclusiva do modelo, medios de financiamento

Problemática abordada: Escasa implantación e coñecemento do modelo, normativa non adaptada a esta proposta de vivenda. Traballo de identificación, maduración e cohesión do grupo promotor. Dificultades de acceso a solo público, pola falta de apoio das administracións; dificultade de acceso a aldeas en venda, para rehabilitación e de acceso ao financiamento. O citado estudo de **diagnóstico do sector coidados, analiza en profundidade a situación das vivendas colaborativas sénior en Galicia.**

Pode consultarse o Informe na [web de EspazoCoop](#)

ODS relacionados:

- Obxectivo 3 | Saúde e benestar
- Obxectivo 5 | Igualdade de Xénero
- Obxectivo 6 | Auga limpa e saneamento
- Obxectivo 7 | Enerxía asequible e non contaminante
- Obxectivo 8 | Traballo decente e crecemento económico
- Obxectivo 10 | Redución das desigualdades
- Obxectivo 11 | Cidades e comunidades sostibles
- Obxectivo 12 | Produción e consumo responsables,
- Obxectivo 13 | Acción polo clima
- Obxectivo 17 | Alianzas para acadar os obxectivos

O9.- Centro de día

Breve descripción da idea de negocio: Promover un centro de día que achegue visibilidade da valía das persoas maiores, poñendo ás persoas no centro (tanto usuarias como traballadoras), sensibilice á contorna para a erradicación do edadismo.

Incorporar na actividade unha política de redución do consumo de materias de un só uso, habituais na actividade a desenvolver

Servizos a ofertar:

- recollida domiciliaria e desprazamento ao centro
- actividades de coidados e envellecemento activo
- servizo de xantar e comidas menores (parva, merenda)

Situación: en vías de deseño do plan de negocio inicial, acompañadas por EspazoCoop.

Problemática abordada: Dignificar as profesións relacionadas con sector dos coidados, reducir a precarización do sector. Mudar a visión que a sociedade ten coas persoas maiores dependentes.

ODS relacionados:

- Obxectivo 3 | Saúde e benestar
- Obxectivo 5 | Igualdade de Xénero
- Obxectivo 8 | Traballo decente e crecemento económico
- Obxectivo 10 | Redución das desigualdades

Todas elas pasan a formar parte, por unha ou outra vía, do resto de procesos e actuacións que conforman o proxecto ES-Factory, que agardamos serva para consolidar as iniciativas e por en marcha as actividades que se identificaron; tanto con procesos de creación de empresas cooperativas como de diversificación e mellora de cooperativas xa existentes, previamente.

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

Es_factory

España - Portugal



www.es-factory.eu



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



O proxecto 0259_ES_FACTORY_1_E está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER no marco do programa Interreg VI A España - Portugal (POCTEP) 2021-2027